

como reorganizamos a biblioteca?

i Avanzar no rexistro e catalogación, organización da biblioteca.

Formación de usuarios. Mobilización da comunidade escolar ao redor da biblioteca.

A meirande parte dos nosos esforzos se centraron nestes obxectivos, que expoñemos conxuntamente porque se enfocaron dun xeito global.

Como xa explicamos no proxecto presentado, quixemos que todas as actividades precisas para poñer en marcha a “Biblio de Estrela”, estivesen abertas a toda a comunidade, pero especialmente ao alumnado, que ata o momento a empregaba case en exclusiva para o préstamo.

A resposta das nenas e nenos do colexio á chamada da biblioteca desbordou as nosas previsións. As tarefas, inxentes, foron avanzando con paso decidido grazas ao seu esforzo e compromiso.

Menos o rexistro no programa informático, reservado ao profesorado, do resto, como se ve a continuación, atrevéronse con todo.

Cal era o punto de partida?

- O catálogo estaba rexistrado nunha base de datos Access. Quixemos transferila ao programa Meiga e non foi posible por problemas de configuración. Había que comezar o rexistro de cero.
- A biblioteca estaba organizada, pero non seguía os estándares.
- Polo tanto, tiñamos por diante voltar a poñer a biblioteca patas arriba. E plantexámonos facelo sen parar o seu funcionamento diario.

Como nos organizamos?

- Facendo unha primeira análise do catálogo, elaboramos unha táboa de CDU inicial da nosa biblioteca, que fomos revisando e modificando cando foi necesario.
- A cada código CDU asignámoslle un debuxo para que fose máis doado de identificar polos usuarios (sobre todo os máis pequenos e os que poidesen ter dificultades)

0		03		379		62		63		611		82-N		91		92	
1		34		37.03		72		67		641		82-M					
2		39		372.8		73		75		78		82-P					
5		50		51		79		82-P		82-T		82-T					
7		52		53-54		83-C		83-X		83-I		83-I					
8		55		56		83-N		83-N		83-N		83-N					
		57		58		83-N		83-N		83-N		83-N					
		59		61		83-N		83-N		83-N		83-N					

Táboa de CDU adaptada coas súas iconas correspondentes

- Elaboramos un panel da CDU coas maiores, ao tempo que se explicaban os seus criterios



A nosa estrela CDU case rematada



Ben enorme, é visible dende todos os recunchos da biblioteca



Detalles da estrela do CDU



- Tamén creamos materias para explicar a súa organización



Exemplo de material de formación de usuarios (presentación completa no apartado materiais)

- Unha vez que tivemos claro que tiñamos que facer, comezou a tolemia (organizada)



Comezamos tirando todos os libros das estanterías e amoreándonos nas mesas....



Pegamos unhas etiquetas provisionais cos códigos e os axudantes foron colocando os libros.



O que implica pararse a analizar a portada e o seu contido



Ata que todos os libros voltaron aos andeis

- A seguinte fase consistiu en pegar no lombo de cada libro a icona correspondente ao seu código CDU o que nos axudaría a localizalo.
- A narrativa tamén a organizamos según a temática (humor, aventuras, historias fantásticas, historias da vida, historias de medo, contos e relatos, clásicos adaptados, misterio, pictogramas...)
- Os primeiros traballos (recolocación de libros) realizáronos os alumnos de 4º, 5º e 6º (os convocados a ser axudantes), pero os pequenos, que tamén viñan á biblia a outras actividades, amotináronse. Por que eles non podían colaborar tamén?
E tiñan razón...



Comezaron recortando etiquetas



Os peques recortando e os maiores pegando



Hai traballo a montes, pero cada recreo a biblioteca échese a diario de axudantes de todas as idades.



A cadea funciona estupendamente




E ao mesmo tempo que se traballa, vanse descubrindo libros e pásanse moi bos momentos cos compañeiros.



Co paso do tempo, formanse grupos que funcionan de xeito autónomo.

- Simultaneamente, a responsable da biblioteca vai rexistrando os libros.




Dende xaneiro do 2012 ata o 31 de maio de 2013 realizáronse 6702 rexistros

- E elaborando os novos “tejuelos” e clasificando os libros según a súa sección.



Tejuelo amarelo, grandes lector@s; tejuelo verde, lector@s medianiñ@s; tejuelo vermello, lectores noviñ@s.



Cada sección tamén ten o seu debuxo identificativo

- Cando o traballo foi avanzando e xa podíamos calcular espazos para cada sección, empezamos coa sinalización xeral e de andeis



- Aínda que durante curso e medio conviviron os dous xeitos de organización, coas etiquetas dos pictogramas logramos ter os libros localizados e aos usuarios éralles moi doado saber onde atopalos e colocalos.



Libros coa etiqueta do pictograma e tejuelo antigo.
(Todos menos un....)



Pouco a pouco os andeis fóronse enchendo de libros ficha

Pero, por se hai algunha dúbida, os axudantes sempre están listos para botar unha man.



Carlos, de 3º, explica aos de 1º como vai o do buzón de
suxerencias



Miguel, de 4º, axuda a atopar libros

- A medida que os distintos grupos se fichan, chega o momento de ordenalos polo novo tejuelo. Quen dixo medo?



Os maiores cantando o abecedario todo o recreo



Para ir ordeando os libros



Ordeando coleccións de banda deseñada



Aos pequenos costáballe máis, pero querían axudar, ou s...
que inventaron o seu propio método: semantar as mesa...
letras



e ir facendo montes



Tivo un éxito total.



Cada quen foi escollendo o seu recuncho



A profe Silvia axudando ás de 2º a atopar o sitio correcto



Rebeca, de 6º explícalles as peques como se ordena alfabeticamente



E deberon pillalo á primeira, a xulgar pola cara de satisfacción da profe

- A principios do terceiro trimestre xa tiñamos bastante claro como ían quedar finalmente os andeis, e poidemos comezar a sinalizalos.



Forramos cada un coa cor da súa CDU



E colocámoslle o indicador definitivo de CDU (icona, código e denominación) maila etiqueta de sección.



Uxía, de 2º, ensinándolle ás maiores como se prepara unha etiqueta de andel



A nosa biblioteca ten un grande futuro, á vista está.

A finais de curso, a nosa biblioteca está case case lista, so nos falta:

- sinalizar o novo mobiliario (chegou o 4 de maio)
- rexistrar, catalogar e etiquetar os libros das bibliotecas de aula
- catalogar e etiquetar os fondos en soporte dixital
- Poderemos comezar o vindeiro curso empregando o programa Meiga para toda a xestión (neste simultaneabamos access para préstamos e o Meiga para o rexistro)



Vistas xerais da biblioteca



Outras perspectivas

- Todo o alumnado de primaria sabe como atopar o libro que busca.
- Todo o alumnado sabe consultar a táboa de CDU.
- O alumnado de infantil conta coa axuda do voluntariado.
- Todo o alumnado de primaria foi, nalgunha ocasión, axudante da biblioteca.
- Grande parte dos axudantes viñeron traballar, alomenos, unha vez por semana.
- Un grupo moi numeroso foi constante e veu máis dunha vez por semana durante todo o curso.
- Un grupo máis reducido acudiu practicamente a diario.
- E algúns tolos da biblioteca viñeron incluso a diario polas tardes.
- Que todo o catálogo da biblioteca pasase polas mans do alumnado foi un excelente xeito de difusión e descubrimento do mesmo, que se reflexou no grande aumento do préstamo e lectura en sala.